

**VI. ANUNCIOS****A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS**

*RESOLUCIÓN do 22 de maio de 2024 pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 20 de maio de 2024, polo que se aproban o trámite de información pública e o informe das administracións afectadas e definitivamente o proxecto de trazado de mellora da seguridade viaria na intersección do punto quilométrico 31+540 da PO-255 en Covelo, de clave PO/21/115.06.*

Antecedentes:

Con data do 9 de febreiro de 2024, publícase no *Diario Oficial de Galicia* núm. 29 o Anuncio do 5 de febreiro de 2024 polo que se someten ao trámite de información pública o proxecto de trazado de mellora da seguridade viaria na intersección do punto quilométrico 31+540 da PO-255 en Covelo, de clave PO/21/115.06, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto referido.

En virtude do disposto no artigo 55.6 do Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia,

RESOLVO:

Publicar o Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 20 de maio de 2024, polo que se aproba o trámite de información pública e o informe das administracións afectadas e definitivamente o proxecto de trazado de mellora da seguridade viaria na intersección do p.q. 31+540 da PO-255 en Covelo, que se recolle como anexo a esta resolución.

Contra o dito acordo do Consello da Xunta de Galicia, que pon fin á vía administrativa, poderase formular recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses contados desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido nos artigos 8, 14 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa; sen prexuízo de que con carácter previo e potestativo se poida formular recurso de reposición no prazo dun (1) mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da



Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

No caso de ser un suxeito obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración para a interposición do recurso de reposición deberá empregar o modelo IF321B de recurso en materia de infraestruturas dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia no enderezo <https://sede.xunta.gal/> ante a conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas.

Santiago de Compostela, 22 de maio de 2024

Francisco Menéndez Iglesias  
Director da Axencia Galega de Infraestruturas

#### ANEXO

**Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 20 de maio de 2024, polo que se aproban o trámite de información pública e o informe das administracións afectadas e definitivamente o proxecto de trazado de mellora da seguridade viaria na intersección do p.q. 31+540 da PO-255 en Covelo**

1º. Aprobar o expediente correspondente aos trámites de información pública e informe das administracións afectadas do proxecto de trazado de mellora da seguridade viaria na intersección do p.q. 31+540 da PO-255 en Covelo, de clave PO/21/115.06, sen modificacións respecto ao trazado sometido a información pública.

2º. Aprobar definitivamente o proxecto de trazado de mellora da seguridade viaria na intersección do p.q. 31+540 da PO-255 en Covelo, de clave PO/21/115.06.

Consonte establece o artigo 23.1 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, o Concello de Covelo, no cal se asentán as infraestruturas obxecto do proxecto, deberá adaptar o seu planeamento urbanístico ao contido no proxecto, no cal se establecen as determinacións do planeamento urbanístico que deben ser modificadas como consecuencia da súa aprobación, no prazo dun ano e, en todo caso, na súa primeira modificación ou revisión.

A aprobación definitiva do proxecto de trazado implica a declaración de utilidade pública, a necesidade de ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos necesarios para a execución das obras, dos depósitos dos materiais sobrantes, dos préstamos necesarios para



executalas e para reposición de servizos afectados, previstos no proxecto, así como para a implantación do proxecto e as modificacións deste que, se é o caso, puidesen aprobarse posteriormente, e a urxencia da ocupación, todo iso para os efectos de expropiación, ocupación temporal ou imposición ou modificación de servidumes, segundo o disposto no artigo 22.5 da Lei 8/2013, do 28 de xuño.

CVE-DOG: 9Inv48n4-kq45-9ek3-ruy8-9cyhge9uqsj7

